

## A gran cita

**Bieito Romero**  
Membro do grupo galego Luar na Lubre



Bieito Romero (no centro) forma parte do grupo Luar na Lubre que ven á Mariña coa xira de aniversario. ANTONIO SEIJAS

## «A xira dos 30 anos é espectacular»

O mítico conxunto folk, nacido na Coruña en 1986, actúa hoxe en Burela

**YOLANDA GARCÍA**  
BURELA / LA VOZ

Parte da historia musical galega, incluso aquela que trascende as súas fronteiras e vai máis aló do Caurel, mesmo dos Pirineos e mar por medio, está escrita en letras grandes por Luar na Lubre. Un grupo que a día de hoxe está catalogado como a «banda máis internacional» de Galicia, con máis de 300.000 copias vendidas e dous discos de ouro consecutivos por *Plenilunio* e *Cabo do mundo*. Por iso, é toda unha honra anunciar que hoxe ofrecen o concerto inaugural da Feira do Libro de Burela. Unha cita con música de alta calidade e que se adentra nas nosas raíces xeográficas e emocionais que terá lugar na Casa da Cultura ás 22.00 horas. A gozar, por tanto, da súa maxia sonora.

**—Por fin, outra ocasión de ver a Luar na Lubre na Mariña. Que sorte!**  
—A Mondoñedo xa fomos dúas ou tres veces, en Lourenzá outra que ía ser ao aire libre e ao final tivo que ser nunha especie de discoteca, a Viveiro viñemos hai anos co Xacobeo e tamén temos actuado en Foz e en Burela. Aínda que na Mariña non é o lugar onde máis tocamos de Galicia...

**—Pero iso... terá arranxo, non?**  
—Si, deberíamos corrixilo, pero é algo que non depende de nós.

**—Consideran a música como un dos factores culturais máis importantes na nosa identidade como pobo galego**

**O grupo.** Agora fórmano Belem Tajés (voz), Xan Cerqueiro (fraitas), Patxi Bermúdez (bodhran, tambor, djembé), Bieito Romero (gaitas, acordeón diatónico, zanfona), Antía Ameixeiras (violín), Pedro Valero (guitarras) e Xavier Ferreiro (percusións latinas, efectos).

**Con Mike Oldfield.** En 1996 o músico británico adaptou *O son do ar* para o seu álbum *Voyager* e convidou ao grupo a participar na xira mundial.

**O concerto.** Hoxe (Casa da Cultura de Burela, 22.00) con entrada.

**pero, cre que a música galega recibe o trato que se merece?**

—Creo que non, como a cultura en xeral. Non, non está ben tratada. Para empezar, non hai unha específica Consellería de Cultura senón que a que hai agora engloba diferentes áreas. Diríamos que en todo o estado non está ben tratada e que en Galicia temos que sobrevivir porque, entre outras cousas, hai moi pouca axuda. No noso caso levamos trinta anos pero basicamente pelexando a contracorrente. A veces, iso desanima á xente, pero non é o noso caso. Algunha vaíse quedando polo camiño porque non recibe apoio, que non ten que ser este só económico. Sobre todo os tempos que corren, penso, son dramáticos. Paradoxicamente estamos no mellor momento da música galega pero a situación é dramática porque os músicos non po-

den sobrevivir facendo a súa actividade. A música galega é unha forma de facer cultura e é un dos piares de facer pobo. E hai moita calidade.

**—Como levan a xira do 30 aniversario? Algo especial a facer en Burela?**

—A verdade é que este foi un mes bastante vertixinoso. A idea en Burela é facer un concerto enmarcado dentro dos trinta anos de Luar na Lubre.

**—Nestas tres décadas, foi o momento culme o concerto con Mike Oldfield do que naceu unha fermosa amizade?**

—Non estou seguro de que fose o momento máis culme pero si o máis trascendental e mediático. Tivo moito impacto e supuxo un apadriñamento importante. Luar na Lubre leva feitos case 1.200 concertos en vintetrés países e grazas tamén a un traballo que hai detrás e que el axudou a potenciar. Pero aquel foi un momento puntual.

**—30 anos xa sobre os escenarios! A ver se superan aos Rolling Stone!**

—(Ri) Bueno... coñezo músicos de 90 anos que seguen. The Chieftains, que son unha referencia na música celta, rondan os 80 anos e aí están... cunha enerxía tremenda! O importante é ir chegando ás cidades e ir cruzando pontes e aproveitar as oportunidades que nos dá a vida. A xira do 30 aniversario é espectacular. Somos un grupo que non deixa de tocar ano tras ano; iso é moi significativo. É unha xira espectacular e máis coincidindo cos tempos duros nos que estamos.

## OPINIÓN

### Transformando Mondoñedo

**D**esde el lunes se está desarrollando en Mondoñedo el programa «La Ciudad del Mañana» organizado por el Concejo de Mondoñedo y PØSTarquitectos.

**Sandra González**

El programa «La Ciudad del Mañana» es una idea de Sandra González Álvarez y el equipo PØSTarquitectos (formado por: Miguel Comesaña, David Balseiro, Adrián de Arriba, Mercedes Lorenzo y Sandra González).

El objetivo de estos talleres es incluir a la infancia y adolescencia. En los procesos de construcción del espacio común, dotándolo de las herramientas necesarias para desarrollar su creatividad desde el arte y la arquitectura, con el fin de provocar el despertar de una nueva mirada de los espacios en los que habitan. Se busca estimular una actitud crítica para que comiencen su desarrollo como una ciudadanía activa, pues ellos serán las responsables de la ciudad del futuro. Partimos de la ciudad como herramienta educadora, no neutra y sobre la que la ciudadanía tiene derecho a su disfrute, su transformación y a que refleje su manera de entender la vida en comunidad. Consideramos el espacio público como un espacio común de aprendizaje y construcción colectiva de los que normalmente no tienen voz, los niños y los adolescentes, impulsando su derecho (artículo 12 de la Convención sobre los Derechos del niño. Unicef. 2006) a formarse un juicio propio acerca del hábitat en el que viven.

Por eso estamos transformando temporalmente varios espacios públicos de Mondoñedo, trabajando a todas las escalas de lo común: arquitectura, patrimonio, urbanismo y paisaje. Con ello se pretende un mayor conocimiento de la ciudad en la que habitan, una apropiación de los espacios que les son vetados a diario, el movimiento con libertad de plaxas, apoderamiento espacial junto con otros niños favoreciendo su convivencia, valoración del lugar a través de una mirada, hacerles responsables del entorno y demostrarles su capacidad transformadora.

Todos estos aspectos se plantean desde el juego y el disfrute como herramientas fundamentales en estas edades, la ciudad entendida como un tablero de juego.

Contamos con el apoyo de Apatrigal, COAG (Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia) y Teais.

**Sandra González Álvarez, creadora de «A Cidade do Mañá».**



**ODELUC**  
energy  
www.odeluc.com

FINANCIACIÓN HASTA

# 12 MESES

SIN INTERESES\*



- PROYECTOS TÉCNICOS
- INSTALACIONES ELÉCTRICAS, DOMÓTICA (KNX), SEGURIDAD...
- AHORRO ENERGÉTICO
- ILUMINACIÓN



**SISTEMAS DE SEGURIDAD**  
"Vigila por Usted"



**Avda. Ría de Ribadeo N°57**  
**RIBADEO (Lugo)**



**982 24 39 18**



**www.odeluc.com**



**info@odeluc.com**

\* Sujeta a aprobación por la entidad colaboradora.